

# Un novo obradoiro de olería en *Lucus Augusti*

## Resultados da escavación arqueolóxica en área da parte traseira do inmoble n.º 8 da rúa Quiroga Ballesteros de Lugo

Enrique Jesús Alcorta Irastorza  
Roberto Bartolomé Abraira  
Guillermo Santamaría Gámez

**Resumo:** Os tres novos fornos oleiros descubertos nesta intervención, na r/ Quiroga Ballesteros da cidade de Lugo, ademais do seu propio valor, sinalan a ampliación do ámbito ocupado por estes talleres na banda nororiental do perímetro amurallado, o que conclúe na existencia dunha poderosa industria oleira que, establecida en época flavia, se mantén activa ata a construción da muralla, producindo masivamente tanto para o consumo interno como, probablemente, para a exportación a escala rexional polo menos.

**Resumen:** Los tres nuevos hornos alfareros descubiertos en esta intervención, en la c/ Quiroga Ballesteros de la ciudad de Lugo, aparte de su propio valor, señalan la ampliación del ámbito ocupado por estos talleres en la banda nororiental del perímetro amurallado, lo que concluye en la existencia de una poderosa industria alfarera que, establecida en época flavia, se mantiene activa hasta la construcción de la muralla, produciendo masivamente tanto para el consumo interno como, probablemente, para la exportación a escala regional, al menos.

**Abstract:** The three new pottery kilns discovered in this archaeological intervention, at the c / Quiroga Ballesteros of the city of Lugo, apart from its own value, broadening the scope point occupied by these workshops in the northeast of the walled perimeter band, which explain the existence of a powerful pottery industry that set in during the Flavian period remains active until the construction of the wall, causing massive for both domestic consumption and probably for export to regional scale, at least.

Cumpridos os dous anos do seu remate presentamos nas liñas que seguen un resumo dos resultados obtidos na escavación arqueolóxica en área da parte traseira do inmoble n.º 8 da rúa Quiroga Ballesteros da cidade de Lugo, extraído do pertinente informe valorativo, remitido en cumprimento da normativa vixente. Esta escavación foi iniciada a mediados do mes de febreiro e prolongouse ata similares datas do mes de marzo do ano 2009, formando o seu equipo escavador os autores deste artigo.

## 1. Limiar

A necesidade desta intervención arqueolóxica veu motivada pola aplicación dunha resolución emitida pola Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia a través da Delegación Provincial en Lugo, ditada a raíz das remocións de terras levadas a cabo na parte traseira do soar e realizadas sen o preceptivo control arqueolóxico.

Na devandita resolución acordábase a suspensión das obras e actividades pois tan só se contaba con autorización para o interior do edificio para rehabilitar, toda vez realizado o control arqueolóxico de remocións de terras necesarias para o foxo do ascensor e unha zapata destinada ao reforzo da cimentación do edificio<sup>1</sup>. Non se contemplaban, polo tanto, outras actuacións no subsolo do edificio nin no patio.

Non obstante estas limitacións, realizáronse algunhas remocións na parte traseira do edificio que, denunciadas, esixiron, en primeira instancia, o control arqueolóxico da zona afectada<sup>2</sup> e, nun momento posterior, a escavación en área, cuxos resultados constitúen o núcleo deste traballo.

## 2. Localización

O soar afectado, no que se inclúe a nosa zona de intervención e que mostra unha planta rectangular alongada cunha dirección aproximada N-S, localízase na banda NE do perímetro intra muros, a medio camiño entre as portas de San Fernando e Falsa e as prazas de Santo Domingo e Soidade, nas inmediacións do Cuartel de San Fernando (ao norte), Igrexa de San Francisco e Mercado de Abastos (ao sur) e o claustro do Convento de San Domingos (ao leste) (fig. 1).

Rúa, polo demais, de recente apertura, concretamente de principios de século XX, que se trazou sobre o que foron as posesións contiguas entre este último convento e o de San Francisco, que, a través de hortas e outras dependencias, formaban un continuo urbano que abarcaba toda a zona. Coa apertura desta rúas, as citadas instalacións relixiosas veranse separadas polo eixe viario.

Como é lóxico, este vial xera a aparición de cadanseus flancos construtivos que se ven ocupados tanto por edificacións particulares, algunhas de estilo racionalista, como públicas, Mercado de Abastos e de Quiroga Ballesteros, agás dos vellos conventos de San Domingos e San Francisco. Constituía, polo tanto, unha zona urbana secularmente baleira de Lugo, a excepción das edificacións e hortas conventuais, e que só moi serodiamente foi obxecto de estruturación urbanística.

---

<sup>1</sup> BONILLA RODRÍGUEZ, Andrés: Informe-Memoria dos traballos do «Control arqueolóxico de las obras de reestructuración del inmueble n.º 8 en la calle Quiroga Ballesteros, Lugo», depositado na Delegación Provincial de Cultura da Xunta de Galicia en xaneiro do ano 2008.

<sup>2</sup> BONILLA RODRÍGUEZ, Andrés: Documento Anexo ao Informe-Memoria dos traballos de «Control arqueolóxico de las obras de reestructuración del inmueble n.º 8 en la calle Quiroga Ballesteros, Lugo», depositado na Delegación Provincial de Cultura da Xunta de Galicia en xuño do ano 2008.




Figura 1. Plano xeral de situación, no recinto intramuros, da zona escavada (en gris)

### 3. Precedentes arqueolóxicos

Na orde arqueolóxica, a zona insírese nun espazo marxinal do tecido urbano romano<sup>3</sup>, cuxo primeiro esbozo augusteo, aínda que de realización probablemente traxana, é modificado a finais da primeira centuria por unha ampla remodelación e ensanchamento en época flavia. Remodelación que, entre outras cousas, supón a ordenación urbana en sectores funcionais, un dos cales é o espazo periurbano, nororiental, onde se enclava a escavación. Aquí, e a teor do que coñecemos, coexisten os ámbitos oleiros cos funerarios, máis concretamente de incineración.

<sup>3</sup> Sobre o trazado urbano de *Lucus Augusti* e a súa evolución: CARREÑO GASCÓN, Covadonga / GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Enrique; «La capital del extremo noroeste hispánico: *Lucus Augusti* y su tejido urbano a la luz de las últimas intervenciones arqueológicas. *Los orígenes de la ciudad en el noroeste hispánico: actas del Congreso Internacional, Lugo, 15-18 de mayo de 1996*, Antonio Rodríguez Colmenero (coord.). Deputación Provincial de Lugo. Páxs. 1171-1208.

Esta situación puña sobre aviso no referente á natureza dos posibles achados. Un breve resumo de resultados das intervencións arqueolóxicas executadas con anterioridade nos contornos será suficiente para definir o panorama.

### **Praza do Ferrol**

Escavada en 1986, baixo a dirección de Antonio Rodríguez Colmenero, mostrou a localización dun segmento de necrópole de inhumación do século III d. C., tres fornos oleiros, restos do antigo hospital de San Xoán de Deus e algúns restos de estruturas de difícil adscrición e datación.

### **Solar de Barras Eléctricas**

Intervido igualmente en 1986. Aínda que o afloramento do substrato natural foi practicamente inmediato, destacouose pola aparición e escavación dunha fosa moi rica en materiais con datación que non excedía de mediados do século II d. C. Da mesma maneira, detectouse, limpou e rexistrou unha ‘mina’, que se supón de extracción de materia prima oleira aberta no devandito zócolo natural.

### **Soar confluencia entre as Bolaño Ribadeneira/Quiroga Ballesteros**

Destaca pola aparición de varias pequenas «minas», foxas ou barrenas.

### **Soar de Bolaño Ribadeneira, 18**

De complexa distribución, xa que a intervención comprendía varios patios e ámbitos. O máis destacable foi o descubrimento, nun ámbito interior antigamente ocupado por unha nave industrial, dunha especie de empedrado, a xeito de espazo público ou baleiro, datado nos primeiros Antoninos. Baixo este, localizáronse novos exemplos de minas / foxas dos que se recuperou un abundante material cerámico flavio e do cambio da Iª á IIª centuria. Posteriormente, na intervención en solares contiguos, realizada polo noso compañeiro Enrique González Fernández, localizáronse varios fornos.

### **Patio sur do Pazo provincial, rúa San Marcos**

Durante os traballos destinados á construción dos aparcadoiros subterráneos no patio traseiro sur deste edificio localizáronse dous novos exemplos de fornos cuadrangulares, recuperándose tamén gran cantidade de material, inédito<sup>4</sup>.

### **San Marcos, 3, 5, 15, 17, 23 e 27 e Santo Domingo 11**

Algunhas das traseiras destes terreos constitúen espazos máis ou menos contiguos coa nosa intervención que, basicamente, permitiron definir o límite do sector urbano polo lado N. En termos xerais, os resultados foron practicamente nulos, debido, como nos casos anteriores, ao inmediato afloramento do substrato natural. O único

---

<sup>4</sup> BARBI, V.; CARRERA, F., LUACES, J. e TOSCANO C.: «Hornos romanos en Lugo: una experiencia de conservación», Rev. *Lucus* n.º 39: 16-17. Lugo: Deputación de Lugo.

salientable é a ‘mina’ ou vertedoiro do lixo detectado no soar n.º 5, e a localización dos correspondentes segmentos da antiga canalización de abastecemento de auga á cidade, ao fondo dos terreos. No referente a San Marcos 5 rexistráronse tamén ao fondo do soar os restos das cimentacións de apeo do acueduto romano.

### **Praza de Santo Domingo**

Outra das intervencións levadas a cabo en 1986 e unha das primeiras actuacións arqueolóxicas realizadas na cidade. Neste caso, os traballos depararon o descubrimento de dúas calzadas, unha das cales, en sentido E-W, considérase prolongamento, lixeiramente quebrado, do límite viario setentrional do foro. Tamén fora escavado o esquinal NW do foro, así como do sector correspondente da calzada perimetral setentrional, conformada a base de grandes lousas cuadrangulares e rectangulares de granito.

### **Rúa Nova 68-70, esquina con rúa Montevideo e Bolaño Ribadeneira**

Intervida en datas recentes<sup>5</sup>, destacamos, sobre os demais restos aparecidos na escavación, o complexo doméstico baixo imperial localizado na metade norte do soar, delimitado ao sur por un muro que cruza a superficie enteira da parcela de este a oeste. Dito complexo estaba composto por cinco estancias diferentes situadas ao norte do devandito muro. Destas, tan só se conseguiu delimitar o perímetro completo de dúas delas. Son precisamente estes dous cuartos os lugares onde se conservaron os únicos restos de pavimento (canda o pavimento de arxila compactada doutra delas) relacionados co edificio atopado. Pavimentos realizados en *opus signinum*, aínda que en deficiente estado de conservación. Outra das estancias documentadas, e que a pesar de non ter o seu perímetro completo (pois só apareceron os límites este e sur), subministrou abundante información para poder coñecer o tipo de espazo, concretamente unha cociña, situada ao este dos cuartos a que antes faciamos referencia, rexistrando un pavimento de arxila moi compactada, así como os restos dun fogar e dunha que podería ser utilizada para a moenda do gran. Outros datos documentados, aínda que o seu estado de conservación sexa moi deficiente, son os restos localizados de diferentes estruturas dunha etapa anterior a esta do complexo doméstico, probablemente de datación alta imperial.

Concretamente o muro mestre que cruza o terreo de este a oeste podería constituír peche dun complexo artesanal dunha etapa anterior, posiblemente alto imperial como vimos insistindo, cando estaban en funcionamento os distintos fornos documentados preto do soar, e que necesitarían de abundante arxila como a extraída nas numerosas foxas localizadas durante a intervención, situadas todas elas ao norte deste muro.

---

<sup>5</sup> BARTOLOMÉ ABRAIRA, Roberto: Informe Valorativo dos traballos da «Escavación arqueolóxica en área do inmoible n.º 68-70 da Rúa Nova, Lugo», depositado na Delegación Provincial de Cultura da Xunta de Galicia no ano 2008.

Algunhas outras intervencións de menor entidade, como o control arqueolóxico de pavimentación da rúa Bolaño Ribadeneira no seu tramo superior, realizado polos Servizos Municipais de Arqueoloxía e en cuxo transcurso se rexistraron novos exemplos de fornos, así como o realizado, esta vez con destino ao soterramento de colectores, na confluencia deste último viario co de Quiroga Ballesteros, en onde localizáronse restos de vasillas con defectos de cocción, constitúen novas probas do ambiente funcional e urbanístico arqueolóxico da nosa intervención.

#### 4. Resultados da intervención

O título deste traballo contén, sinopticamente, os resultados da intervención, isto é, o descubrimento de sector dun novo obradoiro de olería de época romana, os que, por outra banda, abundan na zona, definido nesta ocasión por tres dos seus elementos identificativos —estancias de traballo, foxas de extracción de arxila e fornos— que se alternaban e solapaban en toda a superficie do solar (fig. 2).

A continuación ofrecemos unha breve descrición dos mesmos.

Figura 2. Vista xeral, cara ao Leste, da metade occidental da intervención, co forno 3 na parte inferior e diversas foxas de extracción na superior da imaxe



## 4.1. Restos construtivos

Como xa apuntamos, os traballos comezaron o 16 de febreiro do ano 2009, e iniciáronse coa limpeza xeral do sector traseiro do edificio, ocupado por unha serie de edificacións auxiliares modernas de escasa entidade. Ao seu remate, púidose comprobar o afloramento do substrato natural arxiloso, sobre todo no sector nordeste do soar, alternado con grandes manchas marróns que correspondían, como posteriormente se comprobou, a colmatacións terreas dunhas foxas/minas. Ocasionalmente asomaban algúns restos construtivos illados e de escasa entidade que logo demostraron ser estancias de traballo. Os fornos identificaríanse nun momento posterior.

### 1. Foxas

Así as cousas, procedeuse á remoción dos citados recheos, dalgún dos cales se recuperou un abundante material, esencialmente cerámico, do que posteriormente trataremos.

Desta maneira quedaron identificadas case unha ducia de foxas/minas de extracción de arxila, a xeito de 'barreiras' para a obtención inmediata de materia prima con que satisfacer, cando menos de forma esporádica, a produción do complexo oleiro no que estabamos insertos.

As foxas ocupaban practicamente toda a superficie do solar agás na parte noroeste, en onde había unha especie de plataforma de substrato natural, en que se encastraba un dos fornos, concretamente o n.º 1.

A tipoloxía básica destas foxas se concreta en cavidades de planta circular con perfil máis ou menos cóncavo. En canto a súa apertura era o resultado dunha acción directa de cara ao aprovisionamento inmediato de materia prima, ao que se ten que engadir o seu conseguinte e non menos obrigada amortización. Presentaban unha gran heteroxeneidade no referente a tamaño e profundidade. Porén, as dimensións medias poden establecerse nuns 3/4 m de diámetro por 1/1,5 de profundidade. Ese carácter inmediato explica tamén que, por veces, unhas foxas superpuxésense a outras ou que, incluso, as máis recentes, segmentasen a outras máis antigas, do que se deducía unha constante actuación, ao correr das necesidades de traballo, no subsolo onde se instalaba o obradoiro cuxo segmento detectamos.

Os recheos que as amortizaba estaba constituído substancialmente por acumulacións de terra marrón que, nalgúns casos, contiña unha gran cantidade de materiais, na súa maioría cerámica cunha datación xenericamente alto imperial, aínda que, ata que se remate o estudo completo dos mesmos, é imposible definir con maior exactitude a súa datación. En calquera caso, resulta difícil diferenciar cronoloxicamente os materiais recollidos en foxas superpostas ou segmentadas por outras xa que a súa datación corresponde a momentos moi amplos.

Xunto ás foxas anteriormente sinaladas, apareceu un pozo na parte norte do solar con planta circular, paredes moi rectas e escavado no propio substrato. É posible que tamén estea relacionado con este complexo industrial oleiro, onde a auga sería un elemento a ter en conta.



## 2. Fornos

Se as foxas constitúen un indicio da actividade oleira nun medio máis ou menos ou menos próximo, os fornos son proba evidente.

Nesta intervención localizáronse tres exemplares, en moi diferente estado de conservación e, o que é máis interesante, respondendo a unha tipoloxía moi variada.

### *Forno 1. Fig. 3*

Foi localizado contra a medianeira do solar contiguo polo norte, polo que as súas cimentacións seccionárono; de aí que se conservasen unicamente un arco completo realizado en cachotaría de lousa e coa clave en granito, concretamente reaproveitando un fragmento de *catillus*, así como os restos un segundo arco, conservado esta vez só a nivel de arranques.

A planta da cámara de combustión, conservada tamén de xeito parcial, respondía ao modelo de cuadrangular ou rectangular, cunhas dimensións aproximadas de 1 m de largura por pouco menos de profundidade.

Figura 3. Vista xeral do patio traseiro do inmoble ao remate da intervención





A boca do *praefurnium* ollaba cara ao NW. Como na totalidade dos exemplares de fornos oleiros localizados en Lugo, a fábrica era de cachotaría de lousa, complementada con pezas de ladrillo, *bessales*, para o alzado dos arcos, polo menos dos piares. Igualmente, e como é habitual na nosa cidade, a cámara se encastrada no zócolo natural polos seus lados sur e este, mentres que polo oeste, encontrábase cortando a un depósito anterior que colmata unha fosa anterior.

Durante as operacións de desmontado do mesmo, previa a oportuna autorización, consignouse, ademais, que as paredes laterais se dispuñan a unha soa cara, mentres que a traseira, aínda que tamén a unha única cara, presentaba dous sectores: o inferior cunha estrutura similar á das paredes e o superior, uns dous terzos da traseira, que se encastraba nunha especie de rebaixe ou 'nicho' polo que presentaba algunhas pezas construtivas máis grandes, e, polo tanto, un maior espesor da parede.

#### *Forno 2. Fig. 4*

Pouco podemos dicir dado o seu crítico estado de conservación. Localizado, aproximadamente no centro da intervención, anotamos que se encontraba moi deteriorado ao verse afectado pola apertura dunha das citadas foxas localizadas; de feito, unicamente conservábase un sector mínimo do seu peche traseiro. As mínimas dimensións deste parecen indicar un forno, probablemente de planta ovada ou imperfectamente circular, de moi reducidas dimensións.



Figura 4. Vista cenital do forno 1, con cabeceira adosada ao murete divisorio. Á esquerda un sector de fosa, á que se superpón a parede occidental do forno. Adosado ao centro do muro, pola parte exterior, pode apreciarse un furado de posteador, previo ao seu baleirado.

*Forno 3. Figs. 5/6*

Foi localizado tamén a pé da medianeira setentrional da intervención, no límite occidental da mesma, aínda que neste caso, puido recuperarse<sup>6</sup>, en máis que aceptable estado de conservación, toda a cámara de combustión. É esta de planta rectangular estreita, dun metro de largura aproximadamente, con esquinais redondeados.

No seu interior localizáronse os oito apeos afrontados, correspondentes aos catro arcos que sustentaban a grella. Precedía a esta cámara un praefurnium en caixa duns 80 cm. de largura por outros tantos de lonxitude, aberto, do mesmo xeito que no caso do Forno 1, cara ao N-NO.

Fig. 5. Interior do forno 1 e detalle do arco conservado, realizado, como o resto da obra, en cachotaría de lousa.




Fig. 6. Vista do forno 2. Apréciase o seu moi deficiente estado de conservación e o seu seccionado por unha das foxas.



<sup>6</sup> Dos tres fornos localizados, foi o único que non se desmontou. Á espera dunha decisión sobre a súa conservación, unha vez rematada a intervención e previa consulta ás autoridades competentes, procedeuse ao tapado das estruturas localizadas mediante capa de xeotéxtil e area.

O fondo da cámara, a uns 50 cm de profundidade de cota de aparición do zócalo, viña definido por unha gran lousa granítica en posición central, flanqueada, cara á parede traseira e a boca do praefurnium, por tégulas e pezas de lousa alternantes. Un feito sorprendente é que, a diferenza dos anteriores, abertos no zócalo natural, este inseríase no depósito térreo que colmata unha das foxas, de fondo plano polo demais, o que dá idea do aproveitamento espacial do medio, tanto a nivel de materia prima como de situación das diferentes dependencias construtivas, segundo as necesidades.

Á vista destas descrições propuxémonos pola razón de tanta variedade tipolóxica de fornos, dentro dun mesmo ámbito laboral, non sendo este, por outra banda, o único exemplo de heteroxeneidade de plantas e tamaños de fornos rexistrados na nosa cidade dentro dun mesmo sector escavado<sup>7</sup>.

Entre as hipóteses baralladas están as dunha datación diferente, confirmada neste caso pola diferente inserción dos fornos 1 e 2 no substrato natural e do 3 nun recheo de colmatación (hipótese que non nos convence excesivamente), ou ben, dentro dunha sincronía pero con tipoloxía diferente por mor dunha ‘especialización’, relacionada coas diferentes características de cocción segundo producións.

#### *Ámbitos de traballo (fig. 7)*

A cabeceira do forno 1 acaroábase a un débil murete, ou mellor a un segmento de muro, duns 40 cm de grosor, de que só se conservaban as dúas fiadas inferiores, perpendicularmente, cara ao sur, dispúñanse catro pequenas perforacións circulares abertas no zócalo natural a intervalos máis ou menos regulares, que nos fan pensar nun sinxelo sistema de peche mediante materiais ligneos, a xeito dun posteadado que servise como divisoria ou peche dalgunha estancia auxiliar en madeira. Todo este conxunto alzábase sobre a xa mencionada plataforma intocada, rodeada de foxas.



Fig. 7. Vista xeral do forno 3, previa ao seu completo baleirado. No recheo obsérvanse diversos recipientes, entre eles un prato engobado, á esquerda, (Fig. 12) e unha ola fina decorada no centro (Fig. 10/10a)

<sup>7</sup> Sobre o barrio oleiro e algúns dos fornos localizados. ALCORTA IRASTORZA, Enrique J.: «Cerámica común romana de cocina y mesa hallada en las excavaciones de la ciudad». *Estudios monográficos sobre Lucus Augusti*. II. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña, 2001.

Fig. 8. O forno 3 unha vez baleirado, coa estrutura compelta da cámara de combustión, o *prae-furnium*, os piares de sustentación dos arcos da grella e o fondo lousado



## 5. Breves notas aos materiais recuperados

Tratándose dun primeiro avance valorativo de resultados, previo ao tratamento e estudo dos materiais, as observacións referentes a estes resultan, como se comprenderá, meramente aproximativas.

Na orde cronolóxica, entendemos que os depósitos localizados no interior dos fornos corresponden ao momento de colmatación e anulación dos mesmos; en termos xerais, esta data correspondería, a mediados/finais da terceira centuria ou principios da seguinte. Pola súa banda, os localizados nas foxas parecen aterse a un lapso temporal máis amplo que ben puidese retrotraerse ata mediados da segunda centuria concluíndo, igualmente, na cuarta. A esta datación parecen aterse a maior parte dos materiais, o que non tira para a localización dalgúns elementos, xeralmente illados, que podamos situar os extremos desta banda. Así, algúns fragmentos de TSH poderían datarse, ata o posterior estudo, en épocas aínda máis temperás, arredor dos lustros centrais da primeira centuria, mentres que un bordo de TS Africana levaríanos, pola súa banda, ao século v. Entre os cerámicos comúns, non parecen localizarse mostras de tipo indíxena previas ao advenimento flavio, nin, en sentido contrario, parecen abundar as pezas engobadas de imitación da TS tardío baixo imperial.

Polo tanto, podemos entender que, de xeito xeral, a marco temporal abarcaría a segunda, a terceira e principios da cuarta centurias, ou, expresado doutra maneira, entre o establecemento do barrio oleiro baixo a dinastías flavia e os primeiros Antoninos e, no outro límite, a construción da muralla, momento no que, en razón da nova reorganización urbanística, debeuse proceder ao abandono e destrución dalgúns ámbitos oleiros que pasarían a ser residenciais, como pode apreciarse en complexos oleiros detectados nas proximidades do agora intervindo, que, pola contra, non presentaba indicios en tal sentido.

Por outra banda cabe supor que, a excepción da TS e algunhas outras pezas, o groso dos materiais localizados, pertencentes case exclusivamente ao grupo dos cerámicos comúns, poden considerarse como fragmentos e vasillas de restos de produción local, cara a onde parece apuntar a elevada proporción de pezas con defecto de cocción.

Igualmente, aínda que sempre de maneira provisional, pode afirmarse tamén que se reiteran algúns criterios proporcionais de aparición constatada no estudo xeral dos sectores de talleres localizados ata o momento: escasa presenza de mostras de TS, abundancia de cerámicos comúns e, sobre todo, elevadísima proporción de producións engobadas, especialmente de pratos.

En rápido repaso, unha primeira ollada sobre o conxunto de materiais recuperados, conforme ás diferentes categorías, podía quedar expresado da seguinte maneira:

### *Terra sigillata*

En escaso número, como queda indicado, correspondendo case na súa totalidade á produción hispánica. Aínda que parecen constarse algunhas mostras temperás, o groso do conxunto identifícase con producións de cronoloxía avanzada, de finais do alto imperio e/ou principios do baixo, encarnado nas formas Drag. 37 de amplos bordos acampanados e con decoracións vexetais xa moi degradadas, así como no prato 15/17. Abundan tamén os exemplares de Ritt. 8 igualmente serodia.



Fig. 9. Diversos furados de posteadado, perpendiculares ao murete acaroadado á cabeceira do forno 1



Figura 10/10a. Fotografía e debuxo da ola fina recuperada do recheo do interior do forno 3 (vide foto 7)



### Cerámica común

Diriamos que se atopan representadas a maior parte das formas catalogadas na cidade<sup>8</sup>, insires dentro do marco cronolóxico establecido. Como é habitual nestes casos, a forma mellor representada son as olas de bordo oblicuo volvido 01 e, en menor medida, as de bordo curvo volvido, tipo 02.

As olas finas alto imperiais, especialmente as grises, parecen igualmente, dispor de significativa representación. Os vasos, especialmente os VI/VIA parecen pouco representados, compensándose esta ausencia cun abundante provisto de xerras, pratos e morteiros.

### Cerámica engobada

Parece levarse a parte do león no referente a número de pezas rescatadas. En contraposición, o abano formal quedaría centrado nos pratos/fontes de bordo biselado, tipo EpI e variantes, de que se recuperaron un abundantísimo número de pezas.

Figura 11/11a. Fotografía e debuxo dunha xerra fina, moi estilizada (tipo V3), recuperada do recheo do forno 1




Figura 12. Prato engobado (tipo EP1) recuperado do interior do forno n.º 3




Figura 13. Vista frontal e posterior dunha lucerna, de moi groseira manufactura, recuperada na intervención

<sup>8</sup> Para as referencias tipolóxicas remitímonos á nosa tese, citada na nota anterior.

## Numismática

Localizáronse tres moedas, unha delas ilexible, correspondendo a segunda mostra a un sestercio de Antonino Pío en excelente estado de conservación e a terceira a unha moeda de Tiberio de ceca cluniense.

Fig. 15. Moeda de Antonino Pío



## Vidro

Con un mostrario escaso, o repertorio límitase a unha ducia de fragmentos entre os que figuran algúns informes de delgada parede transparente, bordos de cor verde con fío aplicado en ton máis escuro e a asa completa dunha xerra fina en vidro azul claro con escasa presenza de burbullas.

Fig. 14. Vista frontal e lateral dunha finísima asa de vidro de cor verde clara pertencente, probablemente, a unha xerriña



## A xeito de conclusión

A conclusión máis evidente é o descubrimento e rexistro de tres fornos inmersos dentro da estruturación espacial dun obradoiro de produción oleira, insiro, pola súa parte, no marco da zona industrial periurbana que ocupaba as bandas setentrional e oriental da cidade romana de *Lucus Augusti* a partir de época flavia, centrándose neste caso o lapso cronolóxico da produción entre mediados do século II e inicios da cuarta centuria, arredor de dous séculos polo tanto. Tamén resulta evidente a recuperación dun amplo número de materiais, que cabe supor maioritariamente asociado ás producións realizadas no citado taller e que, en substancia e nunha primeira aproximación, parecen indicar a existencia dunha produción estandarizada, de carácter industrial, de tipo masivo, que aborda unha ampla variedade de tipos sendo especialmente numerosos os pratos/fontes engobados.



Pero a partir de aquí, pódense, e debemos, propor varias cuestións coas que queremos concluír este traballo. A primeira refírese ao ámbito espacial ocupado por esta zona oleira que, cos novos achados, vese ampliada en dirección sur. Xa se coñecían os complexos oleiros de rúa Anxel Fole, 11 e da Plaza do Ferrol, a pé, intramuros, da muralla polo seu caro norte. En dirección sur e este, poderíamos enumerar os fornos e foxas localizadas no arranque da rúa Quiroga Ballesteros. Desprazámonos aínda máis nesta dirección, cara ao W, o exemplar máis extremo que coñecemos é o localizado nun control arqueolóxico de caixa de ascensor no portal do n.º 13 de rúa San Froilán.

En definitiva, que practicamente todo a área urbana NE do actual recinto intramuros, agás o sector correspondente ao tramo inferior de rúa Montevideo, é zona de fornos, mentres que a cidade como tal, poderíamos dicir que empeza na Praza de Santo Domingo. A mesma área foral estaría flanqueada, polo Leste, e no sector que concirne á intervención de rúa Anxel Fole, n.º 11, por unha zona oleira, que tería ao foro como veciño.

Polo mesmo, no que a organización urbanística se refire, este aumento, ao ampliar os límites, fai medrar consecuentemente a superficie ocupada por esta 'zona industrial' que se dispersa polos ámbitos setentrional e oriental do perímetro intramuros, chegando a abarcar, nunha estimación aproximada case un terzo do mesmo. Os dous restantes, destinaríanse a ámbitos residenciais, aínda que, restando, neste caso, os espazos públicos de diferente natureza e as grandes construcións domésticas, obteríase un espazo urbano residencial máis ben reducido, propondose de novo a cuestión de que a nosa cidade era basicamente un centro administrativo e produtivo, antes que unha aglomeración urbana en sentido estrito.

A este respecto ten que sinalarse que, na área urbana en que nos movemos, a detección de foxas de extracción de barro, a falta doutros indicios, pode constituír un bo indicio para a localización de talleres de produción oleira. Un exemplo podería ser o soar da r/ Rúanova 68-70, onde se localizaron e rexistraron unha serie foxas; foxas que, polo demais, non excedían do límite imposto por un muro de datación alto imperial temperá, nun sistema que, como podemos ver, parece conformar unha 'norma' organizativa espacial destes talleres.

Noutra orde de cousas, cómpre propor tamén algunhas notas referentes á organización espacial dos complexos oleiros, concretamente en relación coa diferente funcionalidade dos variados ámbitos que os compón, tanto dos estritamente laborais como doutros complementarios e, incluso, de habitación.

En tal sentido, como xa se advertira en intervencións anteriores, a articulación edificativa destes obradoiros parece estar vertebrada arredor dun patio ou área central despexada que permitiría, entre outras tarefas, a carga e descarga de materias primas e de combustible, a trasfega xeral dos operarios, a disposición diferenciada de áreas de produción, secado e cocción e, acaso, a venda directa dos produtos, con independencia da presenza destes mesmos produtores na área foral.

Os segmentos de talleres rexistrados na r/ Ánxel Fole, n.º 11, Praza do Ferrol e Bolaño Ribadeneira, n.º 18, apuntan en tal sentido. No caso que nos atinxe, esta articulación sería dobre.

Dunha parte, os propios fornos, polo menos no caso do número 1 e 3, que, dispóndose en paralelo, coa mesma orientación, ocupan en lateral setentrional da intervención mentres que o resto resérvase para a apertura de foxas de extracción de arxila, posteriormente colmatadas con terras de recheo contendo diferente volume de materiais de restos, ou de uso se é o caso.

Hai que encarecer tamén, de cara a futuras intervencións nestes ámbitos, un exquisito mimo nas tarefas de escavación, pois, como puido rexistrarse neste caso cos furdos de poste anexos ao forno 1, é posible que algunhas das estancias, dependencias ou laboratorios de traballo fosen alzados con materiais febles, pois non se necesita moito máis, e o seu rexistro pode ser, segundo as ocasións, esclarecedor desta organización espacial e laboral.

Un aspecto ben rexistrado nesta intervención é o do aproveitamento do subsolo como lugar de obtención de materias primas e a súa afectación sobre as estruturas construtivas existentes no mesmo, o que pode dar unha idea da vitalidade destes talleres. Lembremos, en concreto, os exemplos do forno n.º 2, cortado por unha fosa, e do 3, insiro no recheo doutra. Polo mesmo, cabe pensar que a organización espacial podía modificarse en razón das necesidades de produción, especialmente a área de foxas.

Moito é o que, desde hai anos, avanzouse no coñecemento destes ámbitos de traballo, coas súas correspondentes implicacións urbanísticas e, incluso, económicas, pero tamén é longo o camiño que queda por percorrer. A práctica totalidade das intervencións arqueolóxicas en que se localizaron fornos ou foxas encóntranse inéditas polo que é pouco o que se coñece certamente delas. Cumpriría proporse, tamén de forma rigorosa, a datación e o inventario dos materiais asociados, en prol da establecer unha evolución desta actividade oleira.

Habería que recalcar tamén, á vista deses resultados, o marcado, case diríamos que xa evidente, carácter de *Lucus Augusti* como centro de produción, tendo en conta que a vintena longa de fornos, aproximadamente<sup>9</sup>, localizados debería xerar unha produción enorme, moi superior a que podía absorber o mercado urbano e da súa contorna, polo que debían producirse masivos excedentes destinados á comercialización.

Cumpriría tamén recoñecer estes produtos, con especial referencia ás producións engobadas, que parecen ser o obxecto predilecto desta comercialización e que, de momento, englobábase xenérica e vagamente, como producións do «obradoiro das micas».

---

<sup>9</sup> En breve e incompleto repaso, as intervencións nas que se localizaron fornos, ou no seu caso, foxas, serían as seguintes: (1) Praza do Ferrol (tres fornos), (2) soar de Barras Eléctricas (fosa), (3) Cuartel de San Fernando (posible forno), (4) confluencia Praza do Ferrol con Bolaño Ribadeneira (fornos), (5) confluencia das rúas Bolaño Ribadeneira e Quiroga Ballesteros (foxas nun caso e material defectuoso noutro), (6) Rúanova 68,70 (foxas), (7) Rúanova 76/78 (foxas e dous fornos), (8) Rúanova 94 (fornos), (9) San Froilán, 13 (un forno), (10) patio sur do Pazo da Deputación provincial (dous fornos cuadrangulares), (11) Ánxel Fole 11 (sete fornos), (12) rúa Vilalba (1 forno), (13) escavación r/ Tinería (un forno), (14) r/ Falcón (un forno), (15) xardín de San Roque (un forno cuadrangular), (16) barrio do Carme (un forno posiblemente). Sumaría esta listaxe, repetimos que provisional e incompleta, incluíndo os recentemente aparecidos, 24 fornos, organizados en dúas zonas ben definidas: a da banda nororiental (n.ºs 1 a 11) e a da zona suroeste (n.ºs 12 a 16), estes últimos aparentemente de datación máis serodia.